Exercicios autoavaliables descargables da 4ª quincena. Os gobernos democráticos

1. Comentario de texto sobre a incorporación de España a Comunidade Europea

" A Adhesión de España á Comunidade Europea entendeuse durante un longuísimo período, desde o comezo dos anos sesenta á súa culminación en 1985, como a recuperación do verdadeiro encaixe do país no seu entorno natural, como a ruptura da marxinación, estigma, inicialmente, do réxime totalitario, logo como secuela para o sistema autocrático;; en fin como a superación do dilema entre casticismo e adaptación mimética que definira a nosa percepción en relación coa modernidade. En canto ao seu efecto político, Europa operou moito tempo como obxectivo e incluso como pretexto (...) Cando o goberno solicita no Congreso autorización para asinar a Acta de Adhesión aos Tratados, obtense unha unanimidade que non ten precedentes noutros países membros; o mesmo sucedeu no Senado. A impresión xeral, e así o recolleron nos medios de información, foi que coa integración en Europa, a democracia española estaba consolidada"

F. Morán en *Historia de la Democracia*, 1995

(Este comentario de texto, dado que é da última unidade, non leva cuestións porque xa debiades telas interiorizadas, e a resposta só está indicada, sobre a temática que deberedes desenvolver)

2. Cuestión teórica. Os intentos involucionistas na Transición.

3. A muller e o mercado laboral
Participación das mulleres entre 15 e 65 anos no mercado (en %)

Países	**Ano 1975**	**Ano 1992**
Bélxica	42	54
Dinamarca	63	79
Francia	51	58
Alemaña	50	58
Irlanda	34	39
Italia	37	46
Holanda	31	55
Noruega	53	70
España	**32**	**42**
Suecia	67	79
Gran Bretaña	55	64
Fonte: NAVARRO, V. *Economía política do Estado de benestar*, 1999		

Cuestións:
1. Describe o contido da táboa e analiza que se di nela.
2. Sinala as variacións que se dan en España entre as dúas datas e explica algunha das súas causas.
3. Coloca estes países por orde de maior a menor participación e valora a posición de España.
(Lembra que as cuestións deben ser só unha guía para facer o comentario da táboa)

1. Proposta de solución ao comentario de texto:

Fernando Morán, ministro de Relacións Exteriores no primeiro goberno do PSOE, e responsable da negociación que culminou coa integración española na Comunidade Europea (actualmente Unión Europea) en 1985, realiza dez anos despois, unha valoración das circunstancias que rodearon esa adhesión.

Destaca o ambiente de excepcional consenso ou unanimidade política adoptado polas forzas parlamentarias españolas, xa que para os partidos democráticos que se opuxeran ao franquismo, a integración nas Comunidades Europeas significaba a definitiva superación da ditadura. Desde os anos sesenta, como se recorda no texto, as forzas democráticas contrapuxeran o modelo europeo, democrático e economicamente desenvolvido, á ditadura franquista, facendo do europeísmo unha das súas bandeiras. En 1962 reuníranse en Múnic (Alemaña) representantes da oposición democrática española (excluíndo aos comunistas) para demandar como requisito previo para a integración en Europa o pleno restablecemento dun réxime democrático. O desenvolvemento económico experimentado en España durante os anos sesenta ("*desarrollismo"*) facía inevitable a aproximación aos mercados europeos que iniciaran en 1957 un proceso de integración (Tratado de Roma); sen embargo as características antidemocráticas do franquismo impedían que España fose admitida nese proxecto común. Despois da morte de Franco (1975) e posterior transición democrática (Constitución de 1978, alternancia política co triunfo do PSOE en 1982,...) España xa era un país cun sistema político plenamente democrático, similar ao doutros estados membros da Unión Europea, co que se acelerou o proceso que culminou coa firma do Tratado de Adhesión en 1985 e a plena integración a partir do día 1 de xaneiro de 1986.

A integración en Europa foi unha aspiración política das forzas democráticas que vían nela a consolidación da democracia española, (como se afirma no texto), e a superación definitiva dunha posible involución política, como a pretendida poucos anos antes, no fracasado intento de golpe de estado o 23 de febreiro de 1981. Por iso a negociación por parte do goberno español (PSOE) foi algo apresurada, sacrificando algún sector da nosa economía, como o sector agrario, para o que aceptaron condicións desvantaxosas das que derivan, aínda na actualidade, os problemas máis graves nas nosas relacións co resto da Unión Europea.

2. Resposta á cuestión teórica indicando liñas xerais:

Descontento nunha parte do exército e da extrema dereita que se sentiron traizoados pola non perpetuación do franquismo. A utilización do terrorismo (ETA, GRAPO,...) como coartada. O golpismo contou con apoios civís, por exemplo algúns medios de prensa. Mencionar algún intento, como a *"Operación Galaxia*" e sobre todo o intento de golpe de estado do 23-F de 1981. As limitacións do golpismo e a súa erradicación despois do fracaso de Tejero e Miláns del Bosch

3. Proposta da profesora sobre o cadro da muller e o mercado laboral:

A táboa mostra a evolución da participación das mulleres no mercado laboral entre 1975 e 1992 nos principais países europeos. Os datos ofrécense en porcentaxes sobre o total da poboación activa de cada país.

Segundo estes datos observase unha evolución ascendente na participación feminina no mercado laboral, de forma que duns valores por debaixo do 50% en 1975 pásase a outros nos que ese límite é superado na case totalidade dos países (só en Irlanda, Italia e España non se cada ese valor en 1992

Destacan, pola súa dimensión, os niveis de participación conseguidos en Dinamarca e Suecia, que se sitúan no 79%.

No intervalo de anos proposto, España pasa dunha participación feminina do 32% ao 42%. Este aumento débese fundamentalmente aos cambios xerados na sociedade española, tanto polas demandas das mulleres e o papel do feminismo no noso país que reclama a independencia feminina a través dun salario, como pola necesidade de que ambos membros da parella colaboren no sostemento da familia, como resultado do encarecemento da vida. Tamén ten unha influencia directa o acceso das mulleres á educación que lles permite unha preparación específica para acceder ao mercado laboral en condicións de igualdade co home. E a recepción en España, con atraso das correntes europeas, que propugnan a liberación feminina. Son os anos da liberación sexual, e do cuestionamento do papel tradicional das mulleres.

Tamén están en relación estas cifras cos dereitos políticos das mulleres que foron conquistados antes nos países de democracias novas, que nos países do Sur.

Pero o nivel de participación da muller está aínda lonxe do conseguido nos principais países europeos. A causa é a lentitude con que se procede á igualación social e laboral entre homes e mulleres, cando aínda non se puxo en práctica a discriminación positiva.

Existe unha forte discriminación por parte da clase empresarial, que prefire contratar homes.

En canto ao nivel de participación das mulleres no mercado laboral, Dinamarca e Suecia ocupan o primeiro lugar (cun 79%); séguelle Noruega (70%), Gran Bretaña (64%), Francia e Alemaña (58%), Holanda (55%), Bélxica (54%) e por debaixo do 50%, Italia (46%), España (42%) e Irlanda (39%).

España ocupa o penúltimo lugar, superando a Irlanda. Esta situación e a presión feminina fixo que se aprobaran leis específicas para igualar as oportunidades entre os dous sexos: subvencións e descontos fiscais ás empresas que contraten a mulleres, asumir pola administración parte dos custos derivados das baixas por maternidade, control sobre as causas de despido laboral, etc.. o que permite prever un incremento da participación feminina no traballo asalariado e realizado fóra da casa.

A pesar de todo, na actualidade a discriminación no ámbito laboral consiste en:

diferenzas de salarios entre homes e mulleres, menores oportunidades para elas, pouca presenza das mulleres nos cargos directivos, persistencia de acoso sexual no traballo, maior discriminación polo aspecto físico, etc....polo que podemos afirmar que a pesar dos pasos dados, e da igualdade legal, aínda non se acadou a igualdade real.